



# O FARELO

Nº16  
Abril de 2018  
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Ribadavia  
prepara a 55  
Feira do Viño  
do Ribeiro



Páxina IV

Feira da Carne  
ao Caldeiro de  
Castro  
Carballedo



Páxina VI

Verín marca o  
comezo das  
feiras do libro  
de Galicia  
2018



Páxina VIII

Vila Franca de  
Xira organiza  
o Cartoon Xira



Páxina XIII

O Calvario, en  
Vigo, celebra o  
25 de abril



Páxinas XV

A mostra  
«Nado en  
pedra» en A  
Guarda



Páxina XXII



## A Infanta Dona Elena no Colexio La Inmaculada de Ponteareas

Páxina XIV



Tapas, revoltos, montados

Rúa Fornos, 2. OURENSE



Tfno 667 61 05 59

axanela.ourense@gmail.com

A Xanela

Pinchos. Tostas. Raciones

Rúa Irmáns Villar, 1. OURENSE

## Opinión

Carlos Meixome

### A rebelión das bases

**P**ercibo frustración ao meu arredor. A emerxente ilusión política de hai catro ou cinco anos esfumouse. Confiouse nas instancias políticas e estas defraudaron. Posiblemente a mellor imaxe da derrota sexa a de Alexis Tsipras asinando o terceiro rescate ao día seguinte de que millóns dos seus espartanos lle dixesen que non o fixese.

Da frustración non saímos co ensimismamento, con reproches ou autogabanzas, con desconfianza e receos, senón con acción e atrevemento. Agora de novo terá que ser a mobilización social a que abra o camiño ao cambio político, como sempre, pero para unha nova frustración neste estado latente no que leva o noso país nas últimas

catro décadas?

Un territorio fracturado pola navallada da autoestrada. A unha beira na procura da supervivencia monotemática turístico-gastronómica ou nunha das plantas de montaxe e distribución. Na outra un deserto avellado en agarda dalgún segredo mineiro agochado. Unha xente sen confianza, nin esperanza, cuns cantos resistentes agardando polo sacrificio persoal ou o momento do abandono. Unhas elites e uns medios preocupados por prolongar o tempo de encher os petos.

Os que compartimos esta basta descrición non temos moita marxe de manobra: só podemos agrupar forzas e definir obxectivos, ou permanecer na latencia da derrota de quen nin concorre

á batalla. Só hai batalla se se pode gañar. Coa derrota segura fica a supervivencia, minorar os estragos ou a in-moral rexouba porque aos amigos lles foi aínda peor.

Esa permanente disputa entre os que compartimos a substancia dos diagnósticos e dos tratamentos só é explicable en termos freudianos. Persoais, xa que logo, inútiles para calquera proxecto de transformación social e moito máis en situación extrema. E a nosa, a de Galicia como país e as súas clase populares éo, mesmo con ameaza de extinción das xentes, do territorio e da cultura propia. Estamos precisos dunha ampla conxunción de forzas nun proxecto de salvación nacional-popular.

Non confío moito, mellor dito, nada, en que, entre elites que deciden sobre as precisas forzas a conxugar, haxa a máis mínima intención de considerar

esta posibilidade. Así que só cabe agardar, con ilusión de iluso, a que a mobilización social llela acabe esixindo e as bases desas forzas

impoñendo a través da rebelión, dunha rebelión cívica interna para crear unha desobediencia social construtiva que permita inverter o proceso de exterminio.

Temos uns meses para facelo e poder ir á batalla en 2019. Hai gañas de facelo?

Estou seguro que agrupación e obxectivos podíanse acordar simplemente tomando un café, por exemplo entre Luís Villares, Ana Pontón, Martiño Noriega e alguén máis que o desexase. O café págoos eu.



Rafael José Adalid Rodríguez

### Algúns personaxes das narracións populares

**B**aseándonos nun conglomerado de historias, podemos establecer un pequeno recopilatorio dos personaxes máis frecuentes da nosa terra. Protagonistas que gardan unha relación co elemento acuífero por excelencia.

Moradores das augas que outrora brotaban veracidade no eido popular, se lle acataban o afundimento de barcos, a desaparición de persoas e incluso poboacións que supostamente desapareceron misteriosamente. Outros que simplemente gardaban unha relación menos directa, igualmente nos somerxen a un mundo abocado de fantasías e ambientes descoñecidos.

Este espazo confórmano un amplo abano de personaxes. Algúns universais, como as sereas, habitantes do mar que engaiolaban ós mariñeiros, acción

parecida á das feiticeiras pero transcorridas nos ríos e a paseantes. Tamén en augas interiores, ríos e pozos, habitaban os Xacios, seres antropófagos ós que se lle achacaba a desaparición de persoas.

En plena navegación, a aparición ou visualización de certos personaxes, aludían a infortunios, mesmo os mariñeiros se enfrontaban a figuras consideradas demoníacas.

Sinalado o inframundo, non se debe esquecer como o demo, pode adoptar diversas formas apreciáveis ó longo de historias similares polo país. Mesmo aludiremos a informacións contraditorias sobre el e a auga, pois, se ben en narracións se sinala a existencia de portas de entrada cara o inferno no mar, en pozos... noutras asevérase que o demo non entra nos mares e nos océanos.

Rememorar a un personaxe popular, o cal tamén sae do mar en Galicia, é o coñecido como Can do Urco.

A diferentes personaxes relixiosos, propios do catolicismo e ós que se honra, inxíreselles nesta crenza popular seren os causantes de asolagamentos como forma de castigo, tamén os capaces de curar certas doenzas a través da auga e da súa veneración.

Protagonistas con sobrenome son as mouras, as cales se manifestaban en zonas acuíferas: ríos, pozos, lagos... non só perante penedos ou mámoas. Dependendo da narración, poden presentar poderes sobrenaturais, chegando incluso a ser asociadas con riquezas; facultades que poden serlle atribuídas ós mouros.

Ó carón desas fontes, pozos, regueiros, ríos, tanques... podémonos atopar con serpes. En certas historias poden representar, persoas vítimas de meigallos, as cales lles fixeron que adoptasen esa aparencia. Este encanto podía desfacer de varias formas, un exemplo era dándolle un bico á serpe.

Se ben sobre este mesmo animal, cóntase algunha historia na que un exemplar moi grande, producía certa temeridade a unha parroquia, a cal era salvada deste exemplar polas intervencións divinas.

A quen se lle atribúe forma de réptil é á famosa Coca. Lembremos a festa que porta o seu nome en Redondela.

Dado que na climatoloxía se atopa este elemento en multitude de variedade e formas, falaremos do Nubeiro, ó que se lle atribúe ser o causante do mal estado do tempo e polo tanto, quen estropea vendimas, froitos e polo tanto colleitas.

Todos eles conforman un conxunto dentro da nosa cultura de resultante calado, do cal aínda que xa non se lle dea tal veracidade, en certo momento resultaron ser válidas para explicar sucesos, empregar como pasatempo e outras funcións.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.  
T. 658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com  
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.  
Publicidade: Departamento propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com  
Fotografía: Hernández e departamento propio  
Deseño e maquetación: Fran Eiró

#### Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – PORTUGAL: Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho – MADRID: Juan Louzán – BARCELONA: Fdez. Valdeorra – PAIS BASCO: Nicolás Xamardo – CANARIAS: Fco. Puñal – NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Producións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural  
para o Lecer

## Peregrinando pelo Alto Minho

### Lambendo os dedos com a Lampreia de minha Amiga Fatima...!!!



**A**lguém, perguntou-me um dia porque abandonei sem remorsos a minha exuberante Patag3nia Argentina, aquela maravilhosa e amada terra de Am3rica do Sul para terminar confinada no Norte do Minho, onde ning3m Dança o Tango, este c3u e sempre cinzento 3 inevitavelmente, c3 chove a metade dos dias do ano.

Sinceramente, sempre me considerei um bicho raro e confesso que por ent3o, n3o consegui responder aquela capciosa pergunta do curioso amigo lusitano ate que, na dist3ncia que impera o tempo, apareceram as palavras na minha boca para o qual emulando ao famoso fil3sofo franc3s Ren3 Descartes, agora acordo e digo. - Penso, logo Existo...!!! - Cogito ergo Sum - (Renatus Cartesius 1596-1650)

3 porque a dizer verdade, minha real meta existencial nesta vida era viajar n3o duvidei um instante a decidir meu futuro e carregando-me uma mochila nas costas, abordei um av3o em Buenos Aires e logo de cruzar o imponente Oceano Atl3ntico, desembarquei em Espanha mais como Galiza t3mb3m estava dentro de meus planos sentimentais me acheguei a Compostela para cumprimentar ao Apostolo Santiago na sua pr3pria casa e desde l3, continuei meu fascinante viagem ate Fatima 3 c3 estou agora, partilhando algumas experiencias viajeiras no meio do Ponte Internacional do Rio Minho a espera da bem-vinda primavera europeia, pois estou farta de chuva e vento.

De facto, Eu sempre gostei de aventuras e por esse lado pareço-me muito aos meus ancestrais galegos e portugueses que desde long3nquos tempos imemori3veis, se lançaram ao mar na procura de novos horizontes.

Evidentemente, hoje devo admitir que minha vida foi surpreendente e agradeço a Deus que sempre me h3 sujeitado na palma de sua misericordiosa m3o, permitindo-me fazer o que me vinha em ganas e c3 de momento vai-se andando, descobrindo a cada passo inigual3veis belezas naturais em ambas bandas do Rio Minho.

Curiosamente, neste momento Eu gostava de comentar-lhes que uns amigos de Monç3o, compraram h3 um tempo atras um grande terreno abandonado no meio do Caminho Portugu3s de Santiago e l3 fizeram um Empreendimento Tur3stico fant3stico, convertendo esse deteriorado espaço agr3cola na acolhedora Quinta do Caminho onde galegos e portugueses se juntam com os peregrinos para desfrutar de uma delicada gastronomia minhota 3 onde se podem saborear t3mb3m, deliciosos pratos tradicionais num requintado Sal3o Comedor com M3sica ao Vivo a uns poucos passos da Pedreira em Cerdal, aquela singular Aldeia onde t3mb3m se faz a multitudin3ria Feira dos Santos todos os anos.

Atenta a isso e fazendo-se-me agua

na boca porque estou de Dieta, igual vou falar de comidas 3 n3o quero deixar passar os 3ltimos dias de inverno para convidar-lhes a degustar em Valenç3 ou Caminha uns ricos petiscos do t3pico "Manjar dos Deuses" que por certo 3 a Lampreia do Rio Minho, convidando a vos para deliciar-se com os secretos de este - famoso peixe de puro-sangue que nasce e vive em agua doce - mais - t3mb3m se habitua a nadar nas profundezas do mar ate atingir a maturidade sexual e finalmente, voltam aos rios para desovar nos seus ninhos de milenarias pedras.

Portanto, este domingo vou aceitar o convite de minha amiga Fatima de Ancora Praia, festejando juntas os nossos recentes Anivers3rios e degus-



tando cerimoniosamente este indescrit3vel prato da cozinha portuguesa, fazendo gala de o nosso nobre paladar ao melhor estilo das expertas gastr3nomas de cinco estrelas ou das ricas senhoras de antanho, ainda reconhecendo intrinsecamente a esta rara esp3cie das cavernas mar3timas, como

os ex3ticos peixes primitivos das Raias do Minho.

De igual maneira, louvando a tradicional cozinha lusitana, posso sugerir-lhes se quiserem que provem sem nenhum desperd3cio em qualquer Restaurante do Concelho de Viana do Castelo o riqu3ssimo Bacalhau assado nas brasas com batatas-doces e couves-galegas que t3mb3m se prepara nestas bandas do Mar Atl3ntico - mais - logo, n3o deixem de chuparem-se os dedos para n3o sujar a toalha de mesa.

Do mesmo modo, aproveito agora esta oportunidade que nos brinda a Direç3o das Novas do Eixo Atl3ntico para lhes insinuar com total confianç3 que n3o se permitam confundir ao momento

de eleger o prato que mais se adapta a vosso paladar optando sempre por aqueles produtos frescos da 3poca por exemplo o Porco nas Brasas ou Arroz de Cabidela e t3mb3m o Sarabulho, acompanhando de ser poss3vel com umas ensaladas de 3poca combinando os sabores e cores como dizia a minha avozinha galega, assegurando dessa maneira todas as calorias, minerais e prote3nas que seu corpo necessita para ser feliz.

Ent3o, agora que vamos chegando ao fim da pagina, levanto o meu Copo de Espumante do Minho para brindar convosco assim continuamos logo, andando juntos e partilhando o Caminho de Santiago desde este Jornal Galego-Portugu3s da Gallaecia que nos transporta todos os meses pela Raia de ambos pa3ses com aquela saudosa musica que fez namorar aos nossos antepassados celtas e lusitanos.

Ate breve ....!!!



# Galicia

Redacción OURENSE

## Ribadavia prepara a 55 Feira do Viño do Ribeiro

**R**ibadavia organiza a 55 edición da Feira do Viño do Ribeiro para os días 28, 29 e 30 de abril e 1 de maio. Celebraranse catas populares e exaltación e degustación de viños a nivel profesional; Ribeirolandia para os máis pequenos; bandas de gaitas, zona de artesanía, food trucks de comida, showcookings e visitas guiadas teatralizadas polo castelo. Ademais, os carteis participantes no concurso colocaranse nunha exposición aberta. As actividades enogastronómicas comezarán o día 28, cunha cata concurso por parellas, impartida por Miguel Anxo Bicada. Ese mesmo día celebrarase un showcooking con Antonio Botana. A xornada do 29 comezará cun taller formativo de cociña a cargo do Estrela Michelin Marcos Morán; pola tarde,

unha cata con Xoa Cannas, director do Instituto Galego do Viño, seguida dunha demostración de cociña con Jorge Gago. O luns 30, os máis pequenos aprenderán trucos de cociña nun obradoiro impartido por Fran Sotelo e Manuel Ángel Garea Rodríguez. Algunhas destas actividades teñen aforamento limitado polo que se cobrará pola entrada, que se poderá adquirir na Oficina de Turismo ou na caseta de venda de tickets na feira.

Polo que atinxe ás actuacións musicais, cada día haberá dous momentos escoitar aos diversos grupos, unha delas na sesión do aperitivo, ás 13,30 horas, e nocturna, ás 21,30 horas. O sábado 28 comezarán os grupos Hey Cats! e Os Hully Gullys. O domingo, Blusvai e BlackStereo e o luns 30 rematará a festa co grupo TOC.



Na edición deste ano participarán máis de 40 adegas e colleiteiros.



Viñedos no Ribeiro.

## A denominación de orixe máis antiga de Galicia

**A** Denominación de Orixe Ribeiro sitúase en Galicia, no borde noroccidental da provincia de Ourense e nas confluencias dos vales formados polos ríos Miño, Avia e Arnoia. Unha comarca a 45 kms. do Océano Atlántico, nunha zona moi particular e de excelente aptitude para o cultivo da vide. Cunha extensión aproximada de 2.500 hectáreas, a zona de produción dos viños protexidos pola denominación de orixe Ribeiro abarca os concellos de Ribada-

via, Arnoia, Castrelo de Miño, Carballeda de Avia, Leiro, Celle, Beade, Punxín e Cortegada; as parroquias de Banga, Cabanelas e O Barón, no Concello de O Carballiño; as parroquias de Pazos de Arenteiro, Albarellos, Laxas, Cameixa e Moldes no Concello de Boborás; os lugares de Santa Cruz de Arrabaldo e Untes no Concello de Ourense, e do Concello de Toén os lugares de Puga, A Eirexa de Puga, O Olivar, o pobo de Feá e Celeirón e a parroquia de Alongos; e o

lugar de A Touza do Concello de San Amaro.

Actualmente están rexistrados uns 5.500 viticultores que, xunto con 115 adegas e colleiteiros representan a estrutura produtiva da denominación. Cunha produción media de 14 millóns de quilos de uva, Ribeiro é unha denominación de orixe caracterizada pola súa grande parcelación e diversificación. Un patrimonio vitivinícola que representa a esencia galega pola súa paisaxe, territorio e factor humano.



**VIÑA do CAMPO**



[www.bodegasdocampo.com](http://www.bodegasdocampo.com)



**Ribeiro**

Tlf. 988 470 258  
Sampaio  
Ribadavia  
Ourense



**ALBERTE**

RIBEIRO

galicia  
calidade

*marragastronomia*  
seleccion productos gourmet

## Presentación de Fendas e Todo sobre Eva

Os actos de celebración do Día Mundial do Teatro acolleron a presentación das obras 'Fendas' e 'Todo sobre Eva', coas que Ernesto Is e Xandra Táboas, respectivamente, se fixeron ex aequo, co Premio Abrente de Textos Teatrais 2016. O galardón, que se convoca cada ano no marco da Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia co apoio da Consellería de Cultura, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, chega en 2018 á súa décimo terceira edición cunha dotación de 3.500 euros e a publicación do traballo gañador na colección Abrente de textos teatrais da editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas.

O primeiro traballo fala sobre memoria histórica contraponendo o máis escuro do noso pasado co que acontece no noso presente e pon en evidencia que moitas cuestións pasadas aínda non están resoltas. En palabras do xurado, a peza "ten unha grande actualidade. Remite ao concepto da va-



A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia será do 14 ao 22 de xullo.

nalidade do mal formulado por Hannah Arendt, que expresa a xustificación dos feitos trágicos sen querer asumir responsabilidades persoais e respondendo con exclusiva complicidade á autoridade".

O segundo é, tamén en palabras do xurado "unha obra con temática urxente, necesaria e que arroxa luz sobre unha problemática global, a violencia simbólica sobre a condición de ser muller e a violencia de xénero". Trátase, ademais, dun texto "poético, con posibilidades moi abertas na súa escenificación. Un berro poético, social e escénico, que bebe da drama-

turxia de Heiner Müller e da salmodia dos textos bíblicos".

### Convocatoria

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora na décimo terceira edición do Premio Abrente de Textos Teatrais, convocada xa no marco da MIT de Ribadavia, cunha dotación de 3.500 euros e a publicación do texto gañador na colección Abrente de textos teatrais da editorial Difusora de Letras, Artes e Ideas. O prazo de presentación de traballos está aberto ata o 22 de xuño e a resolución da obra gañadora darase a coñecer no marco da 34ª edición do devandito festival.

## Xinetes xacobeos

Un grupo de 27 xinetes de Lalín iniciaron a súa peregrinación dacobalo ata Compostela seguindo o Camiño Miñoto Xacobeo do Ribeiro. A Asociación do Camiño participa no desenvolvemento da iniciativa, asesorando e guiando aos peregrinos, que tamén contaron co apoio da Entidade Local de Berán.



[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**Visítennos**

**EIXOATLANTICO**

DIARIO GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLICIA

**ASADOR CASA GALLEGA PULPERÍA**

Comida para levar

Abrimos só en fin de semana

677 49 35 33

Ervedelo, 103  
O Couto  
Ourense

**BAR TAPERÍA NOVO LABREGO**

988 549 273

Rúa Greco, 17  
O Couto  
Ourense

**MONTECARLO Bar Tapería**

Dende 1967

Rúa Lepanto, 11  
Casco Vello  
Ourense

**A DESPENSA DO FUENTEFRÍA**

Afumados · Ensaladas  
Croquetas de bacallau

Rúa Viriato, 7. Casco Vello - OURENSE

## Galicia

# Chantada celebra a Feira do Viño a pesares da choiva

A pesar das inclemencias do tempo celebrouse con éxito a XXXVI edición da Feira do Viño de Chantada. Os adegueiros mostráronse contentos co resultado obtido. Informaron que durante a noite do sábado centos de persoas, sobre todo novas, reuníronse baixo a carpa instalada para combater á borrasca Félix co fin de gozar dunha verbena na que a música tiña como compañeira ao viño elaborado por trece colleiteiros da zona. Na segunda xornada, a do domingo, a afluencia de público foi menor. O alcalde, Manuel Lorenzo Varela, agradeceu a presenza dos participantes. "Ten moito mérito achegarse a Chantada co día que fai e acompañarnos", destacou. Por iso, mostrouse moi agradecido e convidou a todos, aos presentes e aos ausentes, a acudir o próximo ano. "Estades todos convidados", aseverou.

A asociación de empresarios locais e o rexedor chantadino destacaron os excelentes resultados obtidos, superiores aos de edicións anteriores, coa feira de oportunidades e a mostra de produtos de artesanía que se montaron conxuntamente na Avenida de Monforte, tamén baixo unha gran carpa. Estiveron presentes 51 expositores con produtos de todo tipo, aínda que durante a mañá do domingo os máis concorridos eran os que tiñan á venda queixos elaborados no municipio, sobre todo un azul que se elabora con leite de vaca xersei que recibiu na súa curta vida varios recoñecementos á calidade.

### Pregoeira

María Cruz Díaz Álvarez, profesora e investigadora de recoñecido prestixio internacional con raíces lucenses, foi a pregoeira. Díaz, xubilada da docencia, lembrou a súa etapa de estudante cando un dos seus profesores insistía en que en Galicia non había viño, senón "morriña envasada" aducindo que os chans galegos non valían para obter caldos de calidade. Ela indicou que en agricultura "non hai nada imposible", poñendo por exemplo á Ribeira Sacra, onde hai "chans fabricados", en referencia aos bancales, construídos pola man dos viticultores "en ladeiras imposibles" para reter a auga e conseguir a maior insolación posible, aspectos que unidos a un correcto abono do chan "dan lugar a un viño heroico, que viaxa e que é preciso bebelo sen présa", destacou a pregoeira.

### Os premiados

O viño Sabatellus, de Adegas e Viñedos Lareu, foi o gran protagonista da feira ao alzarse cos tres primeiros premios en liza. Conseguiu o da cata oficial, o da popular e tamén o reservado para os viños de crianza. Trátase dunha adegas, que dispón de 2,5 hectáreas de viñedos e que elabora cada ano uns 13.000 litros de viño, que logrou outros importantes premios nacionais e internacionais. O resto dos galardóns nas diferentes categorías foron para as marcas Toalde, Cabo do Mundo, Calexotes, Condado de Sequeiras, As Glorías, Asolagados e Marqués de Garoña.



A carpa tiña 80 metros de longo e 22 de ancho.



Cartaz anunciador da feira.

## Feira da Carne de Castro de Carballido

A Asociación de Veciños O Bubaiño de Castro de Carballido organiza, un ano máis, a feira da carne que se celebrará o domingo día 8 de abril. Na súa organización e desenrolo participan os veciños do pobo de xeito totalmente desinteresado. A recadación obtida nesta feira serve para axudar a autofinanciarla, así como para facer pequenas obras e servizos neste pobo que leva a cabo a asociación. Colaboran tamén o Concello de Carballido, o Sindicato Labrego Galego, a Cooperativa Tres

Fuciños (dedicada á crianza do porco celta) e a Ruliña (fritos de horta).

O programa é o seguinte: Ás 12 horas apertura da feira. Media hora máis tarde pregón a cargo de Balduino Iglesias Dobarrío (Mero), colaborado do xornal Novas do Eixo Atlántico. Ás 13,15 apertura da carpa baixo da que se instalarán as mesas para servir o xantar. Pola tarde, ás 16,00 actuación dun grupo musical. Toda a comida estará amenizada polo grupo de gaitas da zona Os Chantadeses.

## Cristina Pato pregoeira da Feira do Viño de Amandi

**S**ober celebrou a 38 edición da afamada e veterana Feira do Viño de Amandi. A gaiteira ourensá Cristina Pato, que acabou tocando coa Banda de Sober ante unha multitude no recinto da festa, ofreceu o pregón. Participaron vinte e dúas adegas das subzonas de Amandi e Ribeiras do Miño, as dúas subzonas da denominación de orixe Ribeira Sacra con territorio dentro do termo municipal de Sober.

O Domingo de Ramos ameneceu moi revoltado na Ribeira Sacra, así que o público non madrugou como outros anos para visitar a carpa das adegas, instalada na praza do Concello. O recinto empezou a animarse despois das doce e media co concerto da Banda de Música de Sober. Ás 13 horas empezou o discurso da pregoeira no que lembrou os seus vínculos familiares coa Ribeira Sacra xa que a súa familia procede da aldea de Armariño, no concello ourensán de Nogueira de Ramuín. "Un lugar máxico, cheo de historia e de recunchos que lle permiten a unha atoparse a se mesma". A pregoeira eloxiou o traballo dos colleiteiros "en socos imposibles de

vendimar se non fose polo traballo en equipo". Se heroica é esta viticultura, engadiu, tamén o foron dalgúns manceiros as orixes da Feira do Viño de Amandi: "todo un exemplo de unidade e colaboración que demostra o poder do pobo como motor da supervivencia das nosas costumes e das nosas tradicións". Cristina Pato tivo tamén un recoñecemento para a banda de música local, "que naceu case cen anos antes que esta Feira, pero que a acompaña dende os seus inicios, nesa inseparable relación que fai do viño música e da música viño". Despois de propoñer un brindado "polo que nos une: a música, ou amor ao noso, vos produtos da nosa terra, ou viño de Amandi e a Ribeira Sacra", Cristina Pato interpretou dúas pezas acompañada polos integrantes da banda.

### Ben de Interese Cultural

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, interveu tamén para lembrar que a Ribeira Sacra quere converterse en patrimonio da humanidade e que o primeiro paso nesa dirección está dado desde o mes de decembro, cando a Xunta puxo en marcha o ex-

pediente para declarar esta zona Ben de Interese Cultural na categoría de paisaxe cultural. "O traballo secular dos viticultores e adegueiros de Amandi foron clave non mantemento desta paisaxe de ensoño", dixo antes de mostrar o seu convencemento de que "a implicación colectiva de administracións e veciñanza fará que en pouco tempo este territorio que sempre foi e será patrimonio da humanidade obstente a declaración de forma oficial". Nesa mesma idea incidiu tamén no seu discurso José Luis Maceda, alcalde da Pobra do Brollón, o municipio ao que estivo dedicada esta edición.

### Incremento

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, destacou o aumento da produción da denominación de orixe Ribeira Sacra no pasado 2017 ata chegar aos 3,6 millóns de litros de viño cualificado, un 7% máis que no ano anterior. Este incremento, sinalou a conselleira, supuxo un valor económico de 18,9 millóns de euros, un 5,83% máis que no ano 2016. Estas cifras, engadiu, avalan o traballo e esforzo dos viticultores e adegueiros desta denominación, que foron quen de sobrepoñerse aos episodios meteorolóxicos adversos que padeceu o sector na primavera e verán de 2017. De aí, insistiu Ángeles Vázquez, a importancia de ter contratado un seguro agrario que permita minimizar as perdas destes contratempos.

No marco desta festa en Sober, a conselleira subliñou o peso e prestixio dos viños de Amandi dentro da DO Ribeira Sacra, felicitando aos organizadores deste evento que pon en valor a calidade destes caldos. Así, os viños desta subzona prodúcense



A pregoeira co alcalde e membros da Banda de Música de Sober.

en dúascentas hectáreas de viñas repartidas entre algo máis de 300 viticultores e 29 adegas inscritas no consello regulador.

### Ribeira Sacra

A denominación de orixe Ribeira Sacra está orientada fundamentalmente á produción de viños tintos, elaborándose tamén brancos moi interesantes. A variedade máis cultivada na Ribeira Sacra é a Mencía, dando lugar a viños de gran calidade, que salientan polos seus recendos limpos, elegantes e intensos, a súa cor ce-

reixa intensa, brillante e cun ribete púrpura. Entre os viños brancos, cunha produción menor, destacan os que se obtén das variedades godello, albariño e treixadura.

A zona amparada para a produción deste viño comprende parroquias e lugares de 20 municipios situados ao longo das ribeiras do Miño e do Sil, no sur da provincia de Lugo e no norte da de Ourense. Está constituída polas subzonas de Amandi, Chantada, Quiroga-Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil.



Nesta edición o Concello modificou a carpa e as casetas das adegas.



## Verín marca o comezo das feiras do libro de Galicia 2018

**A**s Feiras do Libro de Galicia 2018 iniciaron en Verín un percorrido que as levará ata a fin do verán por 16 concellos das catro provincias galegas, con Sanxenxo como novidade. O concello ourensán foi, durante tres días, o mellor escaparate para as sete librerías presentes, Cartabón, Papiro, Cortizas, Monterrey, AZ, Cortés e Pica-Pica, que contaron ademais cunha completa programación de actividades para atraer público de todas as idades ata a Praza da Mercé.

“Verín marca, pois, o inicio da primavera dos libros, porque comezou a súa temporada de primavera-verán, na que saíran á rúa para presumir do que son: os mellores embaixadores da nosa cultura” afirmou o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, no acto de inauguración da feira, no que estivo acompañado do presidente da Agrupación de Libreiros de Ourense, José Manuel García, o deputado de Cultura de

Deputación de Ourense, Manuel Doval e a concelleira de Cultura do Concello de Verín, Emilia Somoza.

Segundo explicou Lorenzo, os libros chegan acompañados “dunha oferta de actividades que permite aos lectores entrar en contacto cos seus escritores favoritos, ademais de atraer aos máis pequenos”. O lema das Feiras do Libro deste ano, Ler sen fronteiras, garante a presenza da autora homenaxeada nas Letras Galegas María Victoria Moreno nestas citas culturais.

A xornalista e escritora Elena Gallego, criada na vila, foi a pregoeira desta segunda edición da Feira do Libro de Verín e presentou o seu último libro, O xogo de Babel. Canda ela, unha decena de escritoras e escritores visitaron a feira para presentar e asinar as súas obras e entrar en contacto directo cos seus lectores. Monicreques e obradoiros para os máis pequenos e a música da Banda de Gaitas do Concello de Verín completaron a oferta cultural.



En Ourense a feira do libro será en xuño.

### Percorrido

Tras Verín as Feiras do Libro de Galicia percorreren os concellos de Ferrol, do 19 ao 23 de abril; Santiago de Compostela, do 28 de abril ao 6 de maio; o municipio do Porriño, onde se desenvolverán do 10 ao 13 de maio; a cidade de Lugo, do 15 ao 20 de maio; o concello de Ourense, do 30 de maio ao 6 de xuño; e o concello de Redondela, do 7 ao 10 de xuño.

Xa no inicio do verán, as citas serán nos municipios de Ribeira, do 21 ao 24 de xuño; de Vigo, do 28 de xuño ao 7 de xullo; de Sanxenxo, entre o 10 e o 15 de xullo, de Rianxo, do 19 ao 22 de xullo e de Pontearreas, do 22 ao 29 de xullo. Pecharán a edición de 2018, no mes de agosto, na Coruña, desde o 1 ata o día 10; en Viveiro, do día 11 ao 15; en Foz, entre o 16 e o 19; e, finalmente, en Monforte de Lemos, do día 22 ao 25.

## A familia de Álvaro Gil Varela expon a súa colección de obras de pintores internacionais

**A** exposición “Colección Álvaro Gil Varela. Paixón pola Arte” estará aberta ata o 15 de abril no Museo provincial de Lugo. Por primeira vez esta colección expónse na provincia, a través da coñecida relación que mantén a Deputación coa familia Gil Varela, que achega de forma gratuíta parte da súa destacada colección de arte propiedade da familia ao Museo, na que poderase desfrutar de obras de pintores da historia da arte tan importantes como Zurbarán, Murillo, Zuloaga, Sorolla, Ribera e Rosales, entre outros artistas.

O presidente da Deputación, Darío Campos Conde, afirmou que “esta colección é unha

verdadeira mostra da paixón que tiña Álvaro Gil pola beleza e pola arte. Un home como sinala a súa neta “cunha grande dimensión humana, xeneroso na modestia, fiel aos seus amigos, aos seus seres queridos e orgulloso das súas orixes, defensor de Galicia e de todo o galego, legounos por encima de todo o amor á nosa terra e o orgullo das nosas orixes”.

O presidente explicou que “por primeira na nosa provincia saen á luz pública un conxunto de obras tan relevantes da historia da pintura realizadas por mestres como Juan de Arellano, Josep Mompou, Mestre da Calzada e José de Ribera, entre outros, e que poden contemplarse en primicia nas salas

da Deputación e de xeito totalmente gratuíto, gracias á xenerosidade da familia Gil”.

Campos Conde subliñou que “esta exposición que forma parte da ampla programación da Rede Museística da Deputación, contribuirá de xeito decisivo a seguir impulsando a arte e a cultura na nosa provincia”, sinalou o presidente.

### Artistas internacionais

O contido da mostra “Colección Álvaro Gil Varela. Paixón pola arte” é unha escolma de 41 artistas internacionais con obras datadas entre o século XVI e o XX, son concretamente 44 pinturas e 5 esculturas de gran valor.

Os autores que aparecen nesta colección son: Mestre



Inauguración da exposición.

da Calzada, José de Ribera, Francisco de Zurbarán, Bartolomé E. Murillo, Francisco Collantes, José Antolínez, Francisco Rizi, José Gutiérrez de la Vega, Juan Valdés Leal, Acisclo Antonio Palomino, Lucas van Gassel, Sebastian Gessa Arias, Cornelis de Heem, Bernardo Polo, Juan de Arellano, Bartolomeu Pérez da Dehesa, Pedro de Campobón, William Horlor, Henry Barraud, Ricardo

Arenys Galdón, Eduardo Rosales, Ramón Martí Alsina, Ignacio Zuloaga, Joaquín Sorolla, Santiago Rusiñol, Joaquín de Sunyer, Valentín de Zubiaurre, José Gutiérrez Solana, Josep Mompou, Rafael Durancamps, Xosé Eiroa, Marino Amaya, Luís Mosquera, Abraham Storck, Rafael Zabaleta, Hendrich Mommers, José Planes Peñalver, James Webb e William Shayer el Viejo.

## Redacción

## A Banda de Música de Xinzo constitúe a súa propia fundación

O Diario Oficial de Galicia, publicou o día 23 de marzo, a Orde pola que se aproba a constitución da Fundación Musical de Xinzo. Esta Fundación que nace da propia Banda de Música Xuvenil de Xinzo, ten un encaixe xurídico pioneiro en todo Galicia, dado que se trata da primeira Fundación de Interese Galego que se constitúe en exclusiva a partir dunha Banda de Música. O seu domicilio social radica no Centro Cultural Xinzo, e desenvolverá as súas actuacións no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Para poder constituírse, a Banda de Música Xuvenil de Xinzo tivo que lograr unha dotación fundacional de 34.400€.

O órgano xestor da Fundación é o Padroado, que estará presidido polo actual Presidente da Banda de Música Xuvenil de Xinzo, Francisco Represas. O cal contará para o resto de cargos que conforman a totalidade do Padroado, co mesmo equipo directivo que xestiona a Banda de Xinzo. A duración de mandato do actual Padroado é de 3 anos, e será remplazado polas persoas que designen no seu momento a Xunta Directiva da Banda de Música de Xinzo.

Os obxectivos da Fundación comprenden a promoción das



actividades culturais e musicais, a conservación e o fomento do patrimonio artístico musical galego da zona de Ponteareas e dos seus arredores, e a axuda ao desenvolvemento da Escola de Música e da Banda de Música de Xinzo, entre os máis destacados. Para dar cumprimento a estes obxectivos, a Fundación Musical de Xinzo desenvolverá múltiples e diversas actividades músico-culturais por toda a xeografía galega.

Poderán ser beneficiarios das actividades da fundación, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que promovan o desenvolvemento cultural e musical, e que posúan o seu domicilio social en Galicia.

A Fundación financiarase principalmente do rendemento do seu patrimonio e das doazóns que reciba de persoas ou entidades de diversa índole, tanto públicas como privadas. En palabras do Presidente, Francisco Represas, "doar a

unha Fundación como a que acabamos de constituír desde a Banda de Música de Xinzo, ten importantes beneficios fiscais, por exemplo, unha persoa que doe 100€, devolveranlle 75€ na súa declaración da renda, e unha empresa que doe 1.000€ beneficiarase dun desconto de 350€ no Imposto de Sociedades que ten que pagar cada ano. E ademais, estará a contribuír dunha forma significativa a un proxecto musical e cultural que cada vez ten un maior recoñecemento en todo Galicia". Polo que desde o Padroado da Fundación animan a todas as persoas e empresas a sumarse a este apaixonante proxecto, que nace nunha terra coñecida pola música como un dos seus principais expoñentes. Os interesados poderán poñerse en contacto coa Fundación a través dos teléfonos 986642096 ó 638245382, ou do correo electrónico fundacionmusicalde-xinzo@gmail.com.

Ademais, está previsto que nas próximas semanas, o Vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, acuda ao Centro Cultural de Xinzo para presentar institucionalmente a Fundación Musical de Xinzo, como a primeira Fundación de Interese Galego que se constitúe en exclusiva a partir dunha Banda de Música.

## III Semana das Ciencias



A concellería de Ensino do concello de Ponteareas, que dirixe a nacionalista Cristina Fernández, presenta xunto ao Alcalde Xosé Represas e as directivas dos centros escolares a terceira edición da Semana das Ciencias.

Do vindeiro día 9 ao 13 de abril, en Ponteareas congregaránse expertos científicos que trasladarán a importancia do coñecemento científico no desenvolvemento diario da vida á comunidade escolar.

Esta nova edición xirará entorno á ciencia no medio

ambiente. Mesas redondas, charlas, expositores, seminario para profesorado, congreso de alumnado, museo científico e moitas máis actividades que nos achegarán proxectos prácticos que se desenvolven actualmente.

A ciencia sairá á rúa unha vez máis ocupando espazo público para achegarse á veciñanza. Tamén se trasladará ao auditorio e aos centros escolares incorporando este ano, como novidade, o seminario para profesorado que se desenvolverá no convento de Canedo.

**A CIENCIA NAS RÚAS DE PONTEAREAS**  
Do 9 ao 14 de abril 2018

Concellería de Ensino

**III Semana das Ciencias**  
<http://www.municipal.es/ptareas>

**9-12 abril 10:00h**  
CONFERENCIAS  
Sala Multiusos Auditorio Municipal Ponteareas

**9-12 abril 10:00h**  
UNIDADE DIDÁCTICA  
"Os mitos do Castelo Ponteiro"  
Centro de Estudos Infantís e Juvenís

**10 abril 17:00h**  
SEMINARIO PARA PROFESORADO  
"Núcleo de Investigación"  
Convento de Canedo

**10 abril 18:00h**  
APERTURA DA SEMANA DAS CIENCIAS  
Presentación do programa  
Sala Multiusos Auditorio Municipal Ponteareas

**11 abril 17:30h**  
PERA DAS CIENCIAS  
Exposición de materiais  
Rúa Espinosa, desde a casa de Riquelme

**12 abril 17:00h**  
ACADEMIA A CIENCIA  
Encontro de profesores conxunto Teófilo e Ciencia  
Casa do Concello

**13 abril 10:00h**  
CONGRESO DE ALUMNADO  
"Tutorías Investigadoras"  
Rúa do Río

**13 abril 10:00h**  
EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA  
"Tutorías e a Investigación"  
Auditorio Municipal Ponteareas

**Do 9 ao 13 de abril:**  
Visita de escolas ao museo "CIENCIA EN MOVIMENTO"  
**10 e 13 de abril:**  
Visita de alumnado bacharelato a CCMM de Ponte e Asociación Provincial de Galicia (APG)  
**13 de abril:**  
Visita de alumnado de CEEA ao museo APÓPOLIS no Rive (Pontevedra)

Participan: XUNTA DE GALICIA, GOBERNO DE PONTEAREAS, FEICYT, IGA, USC, etc.

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

**Visítennos**

**EIXOATLANTICO**

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIÁ

# Galicia

Por José Paz Rodríguez

(Académico da AGLP, Presidente da ASPGP e Professor Titular Aposentado da Universidade de Vigo-Galiza)

## GALIZA, PÁTRIA ESPIRITUAL DE JOSÉ AFONSO

No mês de abril lembro-me sempre de esse grande cantautor que foi José Afonso. O Zeca Afonso, tal como é conhecido em Portugal. Ao que muito admiramos os galegos bons e generosos e de cujos cantares gostamos imesamente. Nas minhas extraordinárias bibliotecas e compactotecas privadas disponho de quase todos os discos que chegou a editar, 28 em total. Tanto em formato antigo de vinilo como em CD. Conservo-os como ouro em pano, e ainda mais aquele, o “Cantigas do maio”, que tenho autografado do seu punho e letra, quando a meados dos anos setenta veu atuar por primeira vez a Ourense e, em concreto,

ros com as suas cantigas e uma fotobiografia, ademais de um vídeo com imagens das suas atuações. Somos bastantes os galegos que amamos Portugal, igual que o cantor de Aveiro amava a Galiza, da que sempre dizia que era a sua pátria espiritual. Na Nossa Terra este cantautor é admirado por muitos galegos e galegos, como se fosse um dos nossos melhores cantores. Como realmente o é. Ademais de um excelente poeta, pois a maioria das suas canções foram escritas por ele. E cantou também poemas de Camões e cantigas populares. Não sem surpresa, no país irmão conhecem esta admiração galaica pelo cantor.

José Afonso tinha nascido a

um anos da sua desapareição física, mas a sua figura, a sua lembrança, a sua voz, a sua música, a sua poesia, estão permanentemente entre nós. Como uma lenda viva. Quando chega o mês de abril muitos lembramos a famosa revolução dos cravos, acaecida no ano 1974 em Portugal, que vivimos muito em direto. Foi esta a mais lírica, pacífica e modélica revolução de qualquer país acontecida no mundo. Na que não houve derramamento de sangue e o povo chegou a pôr flores vermelhas nas bocas das espingardas dos soldados. Precisamente este movimento iniciou-se com o lançamento pelas ondas radiofónicas de essa maravilhosa cantiga do Zeca Afonso, “Grândola, vila morena”.

### ZECA NAS SUAS PALAVRAS :

Nas suas atuações na Nossa Terra, e em algumas entrevistas, o Zeca tinha dito de forma muito clara:

"Galiza é para mim também uma espécie de pátria espiritual..." e "aproveito esta oportunidade para uma vez mais afirmar a minha grande amizade pela terra e o povo galegos, com os que ao largo dos anos mantive as melhores relações, e para manifestar também a minha inteira solidariedade com a luta pelo reconhecimento efetivo da língua e cultura galegas como uma das mais ricas da península". São estes dois treitos das palavras pronunciadas pelo Zeca Afonso que Benedito García, do grupo da nova canção galega Voces Ceibes, recolheu num artigo que se pode ler na página web da Associação José Afonso -<http://www.aja.pt/>.


Zeca Afonso manteve um intenso relacionamento com a Galiza. O 10 de maio de 1972, cantou por primeira vez em público, perante mais de 3.000 pessoas, Grândola, Vila Morena, a canção que depois chegaria



a ser como já comentamos símbolo da Revolução dos Cravos. E o cenário de aquela atuação foi Compostela: o Burgo das Nações, onde hoje se encontra o Auditório da Galiza, perto do lugar no que no mês de maio de 2009 foi baptizado como «Parque José Afonso».

Benedito, Xico de Carinho, João Guitián, Artur Reguera e Antão Labranha foram alguns dos amigos galegos do Zeca, que o acompanharam nos seus concertos pela Galiza: Ourense, Lugo, Compostela... Anos depois, algumas associações culturais galegas, e entre elas a «Gentalha do Pichel», em novembro de 2009, reuniram aos amigos do cantautor português para organizar uma homenagem

de lembrança ao Zeca. No ato, sob o título de «Festejar a vida e a obra do Zeca», com a colaboração também da Associação José Afonso, atuaram com as suas canções João López, Ugia Senlle, Luís Almeida e o grupo «Na Virada», estando presentes os membros galegos da associação citada, que foi a impulsora da iniciativa conhecida como «80 anos do Zeca» - <http://80anosdezeca.blogspot.com/>, na que se envolveram perto dum cento de associações portuguesas e galegas, para lembrar ao músico com diversas atividades, como esta da Galiza. Por sorte, temos em Ourense um grupo musical denominado «Terra Morena», coordenado por Xico Paradelo, que mantém viva



ao Liceu Recreio Ourensano. Eu tive a grande sorte de estar ao lado do Zeca esse dia, escutando as suas canções, num ato quase que clandestino, pois ainda vivia o ditador Franco, e na Espanha não existiam as liberdades. Logo mais tarde o Zeca Afonso viria também à Casa da Juventude ourensana. Viera acompanhado do cantor galego Benedito García. Tenho também vários liv-

2 de agosto de 1929. O dia 23 de fevereiro de 1987, com 57 anos, faleceu tristemente em Setúbal. Depois de uma terrível enfermidade, lenta e prolongada, do seu sistema nervoso, denominada esclerose lateral amiotrófica. Era uma pessoa enormemente digna, que sempre apoiou ao povo trabalhador e aos marginados, e esteve em contra de fascismos e ditaduras. Cumprem-se agora os trinta e



Humor

MARTIRENA



FELIX



....Ven da páxina anterior

a música e as cantigas do Zeca, recuperando o seu repertório de forma íntegra.

Eduardo Maragoto, presidente da asociación da Gentilha, tinha dito acertadamente que José Afonso deu recitais na Galiza a partires do ano 1972 - um deles em vísperas do 25 de abril-, até o ano 1979, onde ofereceu o seu último concerto na Galiza, no Parque de Castrelos de Vigo. Em 1985 recebeu uma homenagem neste mesmo cenário, e entre o 25 de abril e o 23 de maio do 1987 celebráram-se diversos atos para homenagea-lo. Em 1994 o Colégio de Fonseca

acolheu uma amostra sobre ele, e em 1997 fez-se a descoberta de uma placa comemorativa dos 25 anos do Grândola no Auditório da Galiza. Do 19 ao 21 de maio de 2017 teve lugar na localidade de Cedeira o «Iº Festival de Música Galego-Portuguesa», e dentro do programa organizou-se uma nova homenagem de lembrança ao Zeca, a última realizada na Galiza. "Estou farto de explicar por todo o lado que a Galiza não é Espanha", dizia o Zeca. "O triângulo mágico do Zeca está entre África, Moçambique e Portugal", onde lutou contra a ditadura salazarista e o co-

lonialismo, e "Galiza", lembrou o atual presidente do conselho da Associação Galega da Língua (AGAL), Eduardo Maragoto.

**OS SEUS DISCOS E CDs:**

De entre os seus CDs gostamos de maneira especial do antes citado "Cantigas do maio" do ano 1971. Mas também muito dos titulados "Cantares do andarilho" (1968), "Contos velhos, rumos novos" (1969), "Traz outro amigo também" (1970), "Eu vou ser como a toupeira" (1972), "Venham mais cinco" (1973), "Coro dos tribunais" (1974) e "Enquanto há força" (1978). Ademais da canção sinalada

"Grândola...", são formosas também "Milho verde", "Canto moço", "Por trás daquela janela", "O que faz falta", "Viva o poder popular" e, muito especialmente, o poema de Camões "Verdes são os campos da côr de limão". Cantado de forma admirável por este cantautor. Que muito nos gostaria fosse recuperado de novo e que os jovens de hoje, na Galiza, pudessem disfrutar do engado e conteúdo das suas canções.

"Grândola vila morena / Terra da fraternidade / O povo é quem mais ordena / Dentro de ti ó cidade / Em cada es-



quina um amigo / Em cada rosto igualdade", tinha cantado o nosso músico-poeta.

De Santiniketon (Bengala-Índia), para Galiza e Portugal, a 21 de fevereiro de 2018. (Dia Internacional da Língua Materna)

# Humor

## Por Francisco Puñal Suárez

## Museo de Humor Gráfico Diógenes Taborda, de Bos Aires, expón Debuxos de Castelao para reivindicar á Muller Traballadora


*"Ninguén pode negarme que as vellas inxusticias seguen en pé: velahí porque me arrisco a publicar esta obra" - (Texto de Castelao no prólogo do seu álbum de debuxos Nós).*

O Museo Diogenes Taborda, de Bos Aires, inaugurou a exposición "Debuxos de Castelao para reivindicar á Muller Traballadora", con discos, libros, fotografías, revistas, e antigas reproducións dos debuxos publicados en "Nós". A serie de debuxos Cousas é unha colección de narracións breves do escritor onde se presentan

con debuxos as actividades socioculturais da Galicia da súa época. Algúns dos temas que trata Castelao nos seus viñetas só teñen sentido si se contextualizan no momento no que foron creadas, pero boa parte do seu temática resiste o paso do tempo. Entre outros, persiste o pedido para que "a igualdade real entre mulleres e homes deixe de ser unha utopía".

Logo do seu exílio neoyorquino entre 1938 e 1940, Alfonso Castelao viviu unha década en Arxentina. Médico, novelista, dramaturgo, ensayista, et-

nógrafo, caricaturista, pintor, teórico da arte e político. En Arxentina publicou "O Estatuto de Galicia" e dedicouse á difusión da cultura galega, brindando conferencias e alocucións radiofónicas. Faleceu nunha habitación do emblemático hospital do Centro Galego de Bos Aires o 7 de xaneiro do ano 1950. Grazas á comunidade galega de Bos Aires na esquina da Avenida Independencia e a rúa Bernardo de Irigoyen, desde os anos 70 hai unha pequena praza cun busto de bronce coa imaxe de Castelao.



## Ronaldo Cunha Dias vence Prémio do Público do PortoCartoon pela terceira vez

**R**onaldinho Dias (Brasil) é o grande vencedor do Prêmio Público do PortoCartoon 2017, com a sua obra que mereceu uma Menção Honrosa pelo júri internacional do festival. Esta é a terceira vez que o cartunista brasileiro vence nesta categoria, depois de ter sido preferido pelo público votante em 2007 e em 2011.

O Prémio Público do PortoCartoon resulta de uma votação a nível mundial feita através do Museu Virtual do Cartoon ([www.cartoonvirtualmuseum.org](http://www.cartoonvirtualmuseum.org)) e em urnas de voto colocadas no Museu Nacional da Imprensa e no Aeroporto do Porto, de junho a dezembro. Qualquer pessoa, de distintas partes do mundo, teve oportunidade de votar no seu cartoon favorito dentre os 43 selecionados pelo Júri internacional

do 19.º PortoCartoon - World Festival,  
em março de 2017.

Ronaldo é um cartunista bastante premiado e concorre, há vários anos, aos prêmios do PortoCartoon. Profissionalmente é médico (cirurgião) e reside na cidade de Vacaria, situada no nordeste do estado do Rio Grande do Sul, no Brasil.

A votação, independente da decisão do Júri, que elegeu o belga Luc Ver-nimmen como grande vencedor do Por-toCartoon 2017, com a obra “Sustainable Tourism”, deu a vitória, uma vez mais, a Ronaldo Cunha Dias. A opinião do Júri e do Público coincidiu apenas uma vez, em 2015, com o desenho vencedor de Alessandro Gatto (Itália), “Window”, sobre o tema da 17.ª edição, “A LUZ”.

Nesta categoria já foram também

contemplados, para além de Ronaldo, desde 2006, Diego Herrera - Yayo (Canadá), Fernando Camarneiro Costa (Portugal), António Santos - Santiago (Portugal), Zygmunt Zaradkiewicz (Polónia), Guo Zhong (China), Ludo Goderis (Bélgica) e Emrah Arikan (Turquia).

Os cartoons que estiveram em disputa são provenientes de países tão diferentes como Bélgica, Bielorrússia, Brasil, Bulgária, China, Espanha, E.U.A., França, Indonésia, Irão, Itália, México, Polónia, Roménia, Sérvia, Turquia e Ucrânia. De Portugal, estiveram em votação os trabalhos dos cartoonistas Aurélio Mesquita, Duarte Guerreiro, Fernando Saraiva e Vasco Garqalo.

Ronaldo Cunha Dias será convidado



a participar no PortoCartoon 2018 com uma exposição de autor.

Por Francisco Puñal Suárez

## Vila Franca de Xira organiza o Cartoon Xira

**N**ovamente a Cámara Municipal de Vila Franca de Xira organiza o Cartoon Xira, para ofrecernos nesta ocasión unha retrospectiva das mellores caricaturas do ano 2017.

Esta mostra, que estará aberta ata o mes de xullo na Fábrica das Palabras, permite apreciar os excelentes traballos de António Antunes (curador da exposición) e Vasco Gargalo, este último recoñecido polo Cartoon Home Network como o mellor caricaturista europeo de 2017, e


tamén de José Bandeira, Carlos Brito, André Carrilho, Augusto Cid, Cristina Sampaio, António Jorge Gonçalves, António Maia, Rodrigo Matos, Henrique Monteiro e Cristián Salgado.

Como invitado estranxeiro, participa Oscar Grillo, debuxante arxentino residente en Londres.

Indiscutiblemente que o mellor material para os caricaturistas foi Donald Trump, o presidente norteamericano, coas súas polémicas decisións e frases publicadas en twitter.




Tudo bons rapazes - Gonçalves



Ser ou não ser -Cristina Sampaio



Visão global de Trump- André Carrilho



Coisa pequena- Vasco Gargalo



Gaiola - Vasco Gargalo

### FUCO PRADO



# A Infanta Dona Elena no Colexio Inmaculada de Ponteareas

Entregou o Premio estatal da fundación Mapfre a Sabela Martínez Vieitez, alumna do centro, polo seu conto :“El Señor Carballo”

Baixo o pseudónimo de “Rose” a alumna Sabela Martínez de 1º de ESO do colexio “La Inmaculada” de Ponteareas, ven de gañar o primeiro premio nacional na categoría xuvenil co seu conto “El señor carballo”. A Fundación Mapfre convocou este concurso co obxectivo de potenciar a interacción entre a escola e a comunidade, e a escola e a familia, fomentando a creatividade coa redacción dun conto. O tema escollido “A Solidariedade”,

trataba de desenvolver a propia experiencia do participante, en relación á súa mirada sobre a solidariedade como valor humano e contribución á sociedade. Como a Sabela creatividade non lle falta, a súa profesora de Lingua Castelá, Ana Martínez, pensou que era unha boa oportunidade para a alumna, aínda que tivera que competir con máis de 6000 rapaces e rapazas de 18 países. O mesmo pensou de Lidia Martínez, compañeira de Sabela de 1º

de ESO no mesmo centro. “El señor carballo” resultou gañador da categoría xuvenil en España, e “El cartero solidario” de Lidia clasificouse entre os 10 primeiros. A infanta dona Elena, en calidade de directora de proxectos da Fundación Mapfre, viaxou ata Ponteareas para realizar a entrega de premios. Na súa intervención explicou que o relato de Sabela ensalza a solidariedade pero tamén a amizade, non vulgar só as apariencias e saber es-



A directora do centro, Rosa García, con Sabela e a Infanta na entrega do premio

coitar, valores que hoxe en a sociedade na que vivi- día son tan importantes para mos.



A Infanta posa xunto ao Claustro de Profesores do centro.



Lidia Martínez, tamén alumna da Inmaculada, quedou entre os 10 primeiros.



## Redacción

## O Calvario, en Vigo, celebra o 25 de abril

O Centro Português de Vigo organiza xunto coa Casa da Juventude da Galiza, a asociación de veciños do Calvário, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, o Mercado do Calvario e o núcleo de Setúbal da Associação José Afonso (A.J.A.), as xornadas "Calvario de Abril" ao longo deste mes.

As palestras, os días 5, 19 e 24, o teatro o día 25 e a

exposición fotográfica de Alana Murinelly até o 19, terán lugar na Escola Oficial de Idiomas de Vigo. O concerto de Francisco "Xico" Fanhais o día 11 ás 19:30h. na Praza do Mercado do Calvario e a Exposición de acrílicos "Os rostos das palabras de Abril" de Henrique Gabriel do 11 ao 28 de abril no Mercado do Calvario, completan o programa.

## Tasquinhas com sabores da aldeia regressam já em abril

Festival Gastronómico Sabores da Aldeia regresa no fim de semana de 13 a 15 de abril recheado de iguarias, com o mais genuíno e tradicional das cozinhas antigas de Valença.



Em petisco ou prato serão muitas as iguarias a convidar a um mundo de sabores e sensações. O emblemático Anho no Forno com Arroz Pingado, os rojões à Minhota, os pratos de bacalhau, as feijoadas, o porco no espeto, o leitão no caixote e tantas outras iguarias em prato. Nos petiscos tantos sabores para se perder como o bolo do tacho, os fumeiros, as moelas, as pataniscas, o caldo verde, os calhos, as belouras e tanto mais. Nas sobremesas a perdição vai para as sopas secas, o leite creme, o arroz doce, as rabanadas, as rosquilhas e os papudos. Os melhores vinhos verdes da região acompanharão esta oferta.

Este é um autêntico mostuário da gastronomia das aldeias valencianas. Receitas antigas que foram apuradas pela experiência dos tempos

de que resultaram pratos e petiscos singulares, tendo por base produtos locais.

Sabores da Aldeia é uma genuína festa gastronómica minhota onde não faltará a animação. A iniciativa é da Câmara Municipal de Valença em colaboração com as juntas de freguesia e associações do concelho.

## Sarabela Teatro no Carballiño

A compañía Sarabela Teatro representou a obra de Eugène Ionesco "O rei morre" no Auditorio Municipal do Carballiño. Tratouse dunha representación organizada pola Concellería de Cultura deste Concello, estando a función dramática incluída dentro da Rede de Teatros de Galicia. A obra pode conside-

rarse unha metáfora do fin supremo do poder, do absurdo dun gobernante con toda a autoridade que se pode imaxinar pero ao que nada lle serve, ademais de achegar unha visión intimista do propio poder. A representación foi ás oito e media da tarde, e o prezo das localidades de 5 euros.



Grupo ourensán Sarabela Teatro.

# CALVÁRIO DE ABRIL

VIGO, ABRIL, 2018

**JOÃO PIMENTEL**  
**"INTRODUÇÃO ÀS MIL HISTÓRIAS DE LISBOA"**  
**5 DE ABRIL 19:30 HORAS**  
**E.O.I. VIGO**

---

**EXPOSIÇÃO DE FOTOGRAFIA**  
**ALANA MURINELLY**  
**ATÉ 19 DE ABRIL**  
**ÁTRIO DA E.O.I. VIGO**

---

**CONCERTO DO CANTO DE INTERVENÇÃO**  
**FRANCISCO FANHAI**  
**11 DE ABRIL 19:30 HORAS**  
**PRAÇA DO MERCADO DO CALVÁRIO**

---

**EXPOSIÇÃO "OS ROSTOS DAS PALAVRAS DE ABRIL"**  
**OBRAS DE HENRIQUE GABRIEL**  
**DE 11 A 28 DE ABRIL**  
**MERCADO DO CALVÁRIO**

---

**PALESTRA DE ALANA MURINELLY**  
**19 DE ABRIL 19:30 HORAS**  
**E.O.I. VIGO**

---

**PALESTRA DO CAPITÃO DE ABRIL JOSÉ VIEIRA**  
**"HISTORIA VIVA DE ABRIL"**  
**24 DE ABRIL 19:30 HORAS**  
**AUDITÓRIO DA E.O.I. VIGO**

---

**GRUPO DE TEATRO DO VEZ**  
**"A NOBRE CAUDA", DE TOMAZ DE FIGUEIREDO,**  
**25 DE ABRIL 19:30 HORAS**  
**AUDITÓRIO DA E.O.I. VIGO**

## Esposende presentou a súa campaña Sabores do mar

**A** Cámara Municipal de Esposende, coa que Expourense mantén unha estreita relación de cooperación transfronteiriza, presentou en Ourense a súa campaña turístico-gastronómica que, baixo o título “Março con sabores do mar”, ten o obxectivo resaltar os seus produtos máis típicos como o polbo, o bacallau, o marisco ou a lamprea, ademais do viño verde.

Esta campaña foi presentada na Delegación territorial da Xunta de Galicia nun acto no que participaron o xefe territorial de Presidencia da Xunta, Manuel Pardo; o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o concelleiro de Turismo de Esposende, Sérgio Man; o presidente da Federación provincial de Hostaleiros e vogal do Clúster de Turismo de Galicia, Ovidio Fernández; e o director xerente de Expourense e director de Xantar, Alejandro Rubín. O representante de Esposende indicou que esta campaña ten o obxectivo de desestacionalizar a oferta turística do municipio, concentrada nos meses de verán.

Cada mes de marzo desde hai 19 anos, Esposende organiza “Sabores do Mar”, unha campaña na que os restaurantes locais son convidados a participar cos seus mellores pratos de peixe e marisco. A lamprea é, a esta altura do ano, a raíña do menú e unha razón máis para visitar Esposende. Este ano adheríronse 30 restaurantes, 19 pastelerías e 5 adegas. Cada restaurante ofrece un prato innovador de marisco ou peixe (cada ano diferente). A oferta gastronómica complementábase cun programa de actividades culturais, de lecer e concursos de cociña. As actividades realizadas en marzo pasado centráronse na repostería a través da iniciativa “Doces & Endóxeos”, con de-

gustacións, demostracións e adquisición de produtos endóxeos como pasteis, viños e lácteos, entre outros.

A presentación en Ourense é un bo exemplo de cooperación transfronteiriza que supoñen as relacións entre ambas as entidades, Expourense e a Cámara Municipal de Esposende, que teñen asinados varios convenios que suman esforzos e que garanten a promoción das súas actividades promovendo a visita de galegos a Esposende e de portugueses a Ourense. Durante este acto tamén se promoveu a Semana Santa de Esposende e o Camiño Portugués da Costa a Santiago de Compostela que atrae cada ano a máis peregrinos que fan parada nesta localidade.

A presentación en Ourense concluíu cunha degustación de distintos pratos elaborados con bacallau ou pescada e tamén das tradicionais “Clarínhas de Fão”. Todo iso acompañado por viños de Quinta de Curvos.

### Un destino completo

A Cámara Municipal de Esposende pertence á gran rexión demarcada dos Vinhos Verdes. Destaca tamén na arte da pastelería e repostería rexionais, coas súas “Clarínhas” e “Folhadinhos” que simbolizan un verdadeiro marco identitario da poboación local. A medio camiño entre Viana do Castelo e Porto, Esposende é un privilexio da natureza e o ángulo recto para Braga e Guimarães. Tamén é unha pedra angular na Historia maior de Portugal, con cimentos no Castro de S. Lourenço e atopando continuidade posterior na construción e comercio navais.

Conxugando recursos, actividades e infraestruturas,

Esposende reafirmase no contexto rexional, nacional e transfronteirizo, como polo de dinamización e crecemento. Os 18 quilómetros de costa caracterízanse pola ordenación territorial contribuíndo á boa imaxe que Esposende transporta, apuntando cara á interconexión dos espazos rural e urbano. A economía do mar asúmese como a gran aposta, polo valor engadido que leva,



Presentación en Ourense da campaña gastronómica Sabores do mar.

pero tamén pola atención especial que acolle a estratexia de promoción do municipio. Ao contrario doutros deportes,

o surf, o kitsurf ou o windsurf son practicados durante todo o ano, atraendo turistas de todo o mundo.

## A iniciativa cultural “A gaita do mes” exhibe as xoias musicais do Museo de Cornamusas

**A** Deputación de Ourense, por medio da súa Escola de Gaitas, pon en marcha unha nova iniciativa cultural que ten como obxectivo dar a coñecer os instrumentos do Museo Internacional de Cornamusas pola provincia de Ourense, dedicando este primeiro mes a unha das gaitas máis antigas do mundo árabe, a gaita de Irán. A presentación desta iniciativa tivo lugar na Escola de Gaitas, acto no que participou o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o deputado provincial de Cultura, Manuel Doval; o director da Escola Provincial de Gaitas, Xosé Lois Foxo; e a intérprete de Ney-anban, Liana Sharifian.

Rosendo Fernández salientou a sensibilidade que mostra sempre a Deputación de Ourense “coa investigación das tradicións ligadas a este senlleiro instrumento” e destacou o labor que realiza a Escola de Gaitas “levando a Ourense por todo o mundo e traendo aquí gaitas de diferentes países”. Manuel Doval destacou a importancia da cultura porque “forma parte da liberdade



Manuel Doval, Xosé Luís Foxo, Rosendo Fernández e Liana Sharifian.

dos pobos e xoga un papel fundamental na unión dos mesmos”.

O nome da gaita iraní presentada hoxe é Ney-anban: Ney significa palleta e Anban, fol feito de pel de cabra. Este instrumento, que provén do sur de Irán, preto do Golfo Pérsico, abrangue a identidade musical do sur do país (Busherhr Province). Xosé Lois Foxo dixo que, ademais da gaita do mes, “presentamos a unha alumna destacada da escola, Liana Sharifian, que veu desde Irán a estudar gaita aquí para obter o título de mestra gaiteira”. Pola súa par-

te, Liana Sharifian dixo que decidiu vir a Ourense a estudar este instrumento logo de que seu pai, Mohsen Sharifian, un dos gaiteiros máis destacados de Irán, participara na Xuntanza Internacional de Gaites, cualificando á Escola de Gaitas da Deputación de Ourense como a mellor do mundo. Foxo anunciou que cada mes “presentaremos un instrumento diferente, expoñendo as gaitas do Museo de Cornamusas en distintos lugares da xeografía ourensá”. A presentación de hoxe rematou coa actuación de Liana Sharifian.

## O programa “Coñece Ourense” amosou as bondades da provincia a máis de 2.100 alumnos

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, recibiu no mosteiro de San Pedro de Rocas, aos preto de 30 alumnos do IES Cidade de Antioquía que coñeceron a riqueza patrimonial e natural da Ribeira Sacra con motivo da súa participación no programa “Coñece Ourense” que desenvolve a Deputación de Ourense para difundir o patrimonio natural e arquitectónico-artístico da provincia a alumnado da E.S.O.

“Coñece Ourense” é un programa que está dirixido “aos ourensáns máis novos co obxectivo de difundir o patrimonio, a paisaxe e as bondades arquitectónicas que hai por tódolos recunchos da provincia de Ourense e contribúen a reafirmar a identidade das rapazas e dos rapaces”, explicou o presidente do goberno provincial.

Desde que a Deputación de Ourense puxo en marcha esta iniciativa cultural no ano 2016, “participaron nela máis de 2.100 persoas e neste intre forman parte deste “Coñece Ourense” 2017/2018, 16 institutos da provincia”, salientou Baltar, quen asegurou que o programa é “un éxito porque, a través del, o alumnado coñeceu máis o noso e descubriu tesouros como este Mosteiro de San Pedro de Rocas que, cando aínda non estaba posta a primeira pedra da Catedral de Santiago, aquí xa había vida intelixente moitos séculos antes”.

Manuel Baltar destacou a importancia de desenvolver este tipo de iniciativas polas que “están aquí hoxe por primeira vez estes rapaces, no corazón dun enclave turístico e cultural de Galicia,



Os alumnos no mosteiro de San Pedro de Rocas (Esgos).

como é a Ribeira Sacra, e que xunto con outros alumnos que forman parte doutras excursións noutras zonas da provincia, farán que esperte neles o seu interese por Ourense e queiran máis a esta provincia que merece ser coñecida por todos”

### Rocas e Montederramo

Trala visita ao mosteiro de San Pedro de Rocas, a ruta continuou en Montederramo onde os alumnos descubriron, a través dunha visita guiada, o mosteiro de Santa María para continuar trala comida, coa visita á Igrexa de Santa Cristina. Un dos monitores desta actividade, Adrián Novoa, explicou que con “actividades dinámicas e divertidas, os rapaces coñecen diferentes puntos de interese da provincia, unha iniciativa moi importante porque se non coñeces o que tes nunca vas a valoralo”.

O programa oferta seis rutas culturais distintas: Bande-Entrimo, Ciencias Carballiño, Ribeira Sacra, San Cibrao de Lás-Arrabaldo, Verín, e Ciencias Ribadavia. Este ano incorporáronse algunhas novidades ao programa como son dúas excursións relacionadas coa área de ensino das

ciencias, que inclúen visitas a viñedos e bodegas do Ribeiro para coñecer o proceso produtivo do viño e aos Laboratorios Iuvenor nos que se explica o proceso de elaboración de diferentes produtos estéticos. Asemade, hai novas incorporacións ás visitas como a Casa do Museo de Otero Pedrayo e os Museos do Traxe e de Estanislao Reverter da Deputación, en Santa Cruz de Arrabaldo.

Os Institutos que forman parte das excursións programadas para o 2017/2018 son: IES Eduardo Blanco Amor (Ourense), CPR Padre Feijoo-Zorelle (Ourense), CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro (O Carballiño), IES Ferro Couso (Ourense), IES Castro de Boronceli (Verín), IES O Couto (Ourense), IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia), IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia), Colexio Santo Ángel (Ourense), IES Cosme López Rodríguez (A Rúa), IES Ramón Otero Pedrayo (Ourense), Colexio Pablo VI (A Rúa), IES San Mamede (Maceda), IES Xesús Taboada (Verín), IES O Ribeiro (Ribadavia), e IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras).

## O videoclip “Este vaise” promove a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, participou no castelo de Castro Caldelas na presentación do videoclip “Este Vaise”, do grupo Mílson’s, que promove a candidatura da Ribeira Sacra a ser recoñecida como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e exalta as tradicións e a cultura con imaxes dunha das festas máis antigas de España como é a Festa dos Fachós en Castro Caldelas que data do ano 1753.

Manuel Baltar destacou na presentación que para a Deputación de Ourense é “unha obriga estar nun proxecto destas características videográfico e musical, baseado na Ribeira Sacra, pero cun protagonismo especial de Castro Caldelas porque foi durante a Festa dos Fachós cando se rodou gran parte do contido deste vídeo, onde tamén aparece Rubén Riós e no que se fala dunha temática importante para a nosa provincia como é a emigración”.

“Este proxecto encaixa dentro da promoción da Ribeira Sacra, un traballo polo que estamos a loitar para que sexa declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO”, e dixo “creo que xa é patrimonio mundial só falta un distintivo, pero ninguén pode negar que estas terras, estas paraxes, e sobre todo, as xentes que viviron aquí durante séculos me-

recen esa categoría e teñen un mérito especial”, explicou Baltar.

Asemade, o presidente do goberno provincial felicitou aos que fixeron este vídeo e aos que o protagonizaron porque “realmente asumiron a esencia dun pobo como o de Ourense, e dunha zona como esta da Ribeira Sacra”.

Esta produción audiovisual, que ten como obxectivo poñer en valor e dinamizar esta zona, mostra a beleza natural e paisaxística da Ribeira Sacra, e recoñece o labor dos Bodegaíros da zona que construíron o mundo da xa famosa “Viticultura Heroica” e tamén homenaxea a tódolos galegos que tiveron que partir destas terras.

No vídeo participan, ademais dos músicos de Mílson’s, a cantante Andrea Pousa, o actor Rubén Riós, veciños de Castro Caldelas, O Folión de Castro Caldelas, o grupo de gaitas Os Trabazos de Caldelas, e o grupo de gaitas Os Coribantes de Buchabade de Ponte Caldelas.

Este videoclip é unha produción da compañía de espectáculos Queima e Pousa, e conta coa colaboración da Deputación de Ourense, da Xunta de Galicia, do Concello de Castro Caldelas, do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e do Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra.



Acto celebrado no castelo de Castro Caldelas.



O acto celebrouse na Deputación de Ourense.

## Medalla de Ouro a título póstumo para Carlos Casares

Os fillos do escritor Carlos Casares e o seu irmán recibiron da institución provincial a Medalla de Ouro da provincia entregada a título póstumo ao escritor ourensán. Coincidiu co 16 aniversario da morte de Casares, e a concesión da distinción foi aprobada pola Corporación provincial en sesión do 24 de novembro do pasado ano.

Carlos Casares recibe a distinción "como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria

cultural e social marcada polo seu carácter conciliador que forxou na súa etapa máis ourensá". O expediente tamén destaca que as circunstancias que nel concorren "son determinantes para avaliar as calidades que honran a este persoeiro", e é obrigado deber á Deputación "promover a exaltación dúas fillos ilustres da provincia de Ourense que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social como

económico".

No transcurso do acto, Manuel Baltar, presidente da Deputación, definiu a Carlos Casares como "un escritor creador de linguaxe e comprometido co seu país". Baltar Blanco engadiu que "ese foi ou gran mérito de Casares, asentar vos alicerces da convivencia democrática, ou que o, xunto con Ramón Piñeiro, consideraba mellor e máis útil, sen atender a provocacións ou delirios extremistas. Carlos non foi un intelectual diletante e vaidoso, con ansia de poder, aceptou responsabilidades para abrir camiños e ofrecer posibilidades, non para acaparar e exercer ou dirixismo".

## Ourense presentou en Tenerife a programación do proxecto Geoatlantic

Ourense presentou no Instituto Volcanolóxico de Canarias, en Tenerife, a programación do proxecto Geoatlantic que lidera a cidade de As Burgas e do que forma parte este organismo tinerfeño.

Esta xornada de traballo, dentro do marco de desenvolvemento do proxecto Geoatlantic ten como obxectivo xeral planificar o traballo deste ano e poñer en marcha solucións para responder aos desafíos rexionais no ámbito da innovación, a eficiencia dos recursos, o medio natural e os bens culturais, co apoio ao desenvolvemento rexional e o crecemento sustentable.

O concelleiro de Promoción



Acto celebrado no Instituto Volcanolóxico de Canarias, ubicado en Tenerife.

Económica, Jorge Pumar, explicou que este programa ten unha duración de 36 meses e conta cun orzamento de 2.870.000 euros, dos que o 75% estaría subvencionado polo FEDER. "Buscamos un Ourense sustentable, unha cidade capaz de aproveitar os seus recursos e de situarse como pioneira e un modelo a seguir internacional no campo da

xeotermia"

O proxecto Geoatlantic enmárcase dentro do Programa Espacio Atlántico, financiado polo FEDER, e subvenciona propostas de cooperación entre distintas organizacións das rexións da costa atlántica de Europa (Reino Unido, Portugal, Francia e España) en determinados eixos temáticos prioritarios.

## O Premio de Poesía Cidade de Ourense abre o prazo de presentación de traballos

O Concello de Ourense convoca unha nova edición, a número 34, do Premio de Poesía Cidade de Ourense. Dotado cun premio de 6.000 euros máis a publicación de 150 exemplares do libro, está aberto á partici-

pación de autores e autoras que presenten obras escritas en galego ou en portugués. As obras que se presenten teñen que ser orixinais e inéditas, cun mínimo de 600 versos de extensión. Non poderán participar autores e autoras que gañaran o premio nas cinco últimas edicións.

As obras deberanse presentar baixo lema, nun sobre pechado, podendo presentar a mesma persoa máis dunha obra, sempre e cando cada unha se presente de forma independente.

O xurado cualificador será nomeado pola Concellaría de Cultura, estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, a persoa gañadora do ano anterior e representante da Corporación que exercerá a presidencia. A súa decisión será inapelable e terá lugar no mes de xuño. A persoa beneficiaria do premio recibirá gratuitamente 25 exemplares da obra publicada e formará parte do xurado na seguinte edición.

O prazo improrrogable de presentación de traballos ao concurso rematará ás 14 horas do 20 de abril de 2018. A entrega farase no Rexistro do Concello de Ou-



Tosar foi membro de varios xurados.


rense (Praza Maior, s/n), directamente ou por correo certificado. As persoas que concorran desde Portugal poderán facer entrega dos traballos na Cámara Municipal de Vila Real dentro dos mesmos prazos.

O xornalista e poeta portugués Fernando Fitas, con "Subversiva liturgia das mãos" foi o gañador do premio na súa edición anterior, a número 33. A súa obra foi elixida entre as 29 que concorreron ao certame por unanimidade por un xurado integrado por Luís González Tosar, poeta e presidente do Pen Club Galicia; Xurxo Alonso, poeta gañador da edición anterior; Edelmiro Vázquez Naval, poeta ourensán; Sara Martiñá, profesora de lingua e literatura galegas; e M<sup>a</sup> Hercília Agarez, en representación do Grémio Literário Vila Realense.

Na edición anterior, 2016, o gañador fora Xurxo Alonso, consolidado escritor vilagarciano pola obra "Cartas da fronteira". O xurado desta edición, á que concorreran 57 traballos, estivo composto por Isabel Alves, Fernando de Castro, Luciano Rodríguez, Amalia Moreiras, e Luís González Tosar.

## Maite Vázquez e a súa Tartaruga Colorines

**P**resentouse no local El Cercano, de Ourense, a publicación “La Tortuga Colorines”, obra de Maite Vázquez. A nena Claudia coñece á tartaruga Colorines que lle convida a viaxar nunha nube amiga, a nube azul. Durante a viaxe observa unha paisaxe queimada, dolorido, no que os arbores choraban desconsolados ante unha desoladora situación. Claudia propónse darlle unha nova vida ao bosque. Nela reflíctese o estado e abandono que sofren os nosos bosques debido aos incendios e a indo-



Maite Vázquez, con Miguel Coello, asinando o libro.

lencia do home. Ante esta situación, contaxiados ante a ilusión de Claudia, uns personaxes propóñense darlle nova vida e cor aos campos.

Maite Vázquez é unha das máis importantes debuxantes, pintoras e escultoras galegas. Nada en Castro Caldelas (Ourense) expuxo por primeira vez no Museo Arqueolóxico de Ourense en 1961. Seguiron exposicións en Vigo, Pontevedra, Madrid, A Coruña, Caracas, México...As súas obras están cheas de sentimento, plasmasdas xenialmente con vivas cores, coma se pintase a nena

que leva dentro. A temática das súas creacións vira en torno á fantasía, a festa e os nenos. Sabe captar a tenrura infantil e o amor maternal nos xogos infantís e na escena máis cotiás facendo emerxer un sentimento amable que nos regocija e que nos fai sentir ben.

A obra “La tortuga Colorines”, pertencente á colección “Claudia e Rebeca” inclúe debuxos e textos de Maite Vázquez. A maqueta e deseño é de Miguel Martínez Coello, a impresión de Orixe Comunicación e a editorial é A Formiga Rabicha.

## A casa do patrón

**O** libro “A casa do patrón, o gran ecomuseo do mundo rural galego”, presentouse na sede de “Queixumes dos pinos” coa presenza do seu autor Manuel Blanco Villar e dos colaboradores o pintor Miguel Martínez Coello e o articulista Avelino Jácome. Asistiron ao acto máis de cen persoas que se achega-

ron dende distintos puntos de Galicia. Logo da presentación celebrouse un coloquio sobre o contido da publicación.



Coello, Blanco e Jácome.

**jba**  
servicios  
inmobiliarios  
Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense  
☎ 988 10 20 75 ☎ 629 83 67 48  
www.inmobiliariajba.com  
jba.couto@gmail.com

**CARNICERÍA  
MARIVAN**  
abierto  
los domingos  
C/Faustino Santalices - esquina  
Pablo Picasso - Ourense  
Tlf. 639 58 04 30

**TAPERIA  
BRIGOS**  
C/Pena do Vado 114 Reza, Ourense  
Tlf. 988 546 399

**Orixe**  
PUBLICIDADE COMUNICACIÓN  
C/Francisco de Moure 20  
Ourense  
☎ 988 60 70 75  
www.orixepublicidade.es

**Losca**  
C/ Ervedelo, 15 - ourense  
☎ 988 23 44 99  
698 14 82 07

**VEN...**  
www.clubtosca.es  
Sala de Fiestas Music-Hall  
cerramos los domingos

## Novas da Raia

**-13 DE MAIO DE 2018-  
XII EDICIÓN**

**Sementeira e Música**

PRESENTADO POR:  
XULIO ESPÍ

AMPLIO  
APARCAMIENTO  
GRATUITO

ÁREA RECREATIVA DO MUÍÑO DA PONTE - PASEO FLUVIAL DO MENDO CORZÁNS - SALVATERRA DE MIÑO

**10:00H** Apertura da Feira de Artesanía e da Exposición de Tractores Antigos

**11:00H** Entrada do Carro de Bois no Terreiro

**11:30H** Comezan os traballos da labranza e sementeira animados polo grupo  
**RONCO&FOL e LUCERNAS**

**13:00H** Pregón a cargo de  
**EVA IGLESIAS**  
(Artista do Land Rober)

**14:00H** Comida campestre (Animada por Ronco&Fol)  
Carne o Caldeiro, Xamón asado e orella, Empanada e  
Viños de colleita, Polbo (Pulpeira do Carballiño)

**15:00H** Espectáculo de Teatro Infantil a cargo de **BARAFUNDA TEATRO**

**16:00H** Celebración das **V OLIMPIADAS AGRÍCOLAS**  
Para adultos e nenos (a cargo dun equipo de animación)

**18:30H** Actuación do grupo Folk **TANTO NOS TEN**

**19:30H** Elección do mellor vestido labrega. Entrega de Premios:  
Adultos, Infantil e Mellor Grupo

**20:00H** Concerto Folk **XULIO LORENZO**

ORGANIZA:  
Asociación Cultural  
Quinta do Piñeiro

COLABORAN:  
SALVATERRA  
DE MIÑO  
DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA  
Sradio  
facebook

## O Club Ciclista Ponteareas comeza á tempada ao grande

**F**in de semana do 25 de marzo plagado de podiums participando en 6 probas e quedando en postos de podium nas 6.

Brais Gomez Cima, juvenil 1º posto en el III Memorial Fernando Abad; Miguel Rodríguez Novoa, cadete 1º posto en el XCO Montefaro; Manuel Rodríguez Alonso,

cadete 1º posto en el Trofeu Joaquin Leite, prova Taça Portugal Cadetes; Ainoa Posada Altolaquirre, Principiante Femina 1º posto IX XCO Melgaço; Iria Barroso Groba, Principiante Femina 2º posto IX XCO Melgaço; Aaron Rodríguez Arenas, Promesa Masculino 2º posto IX XCO Melgaço.



**Viejas Comidas** 14:00h

**Gala 40** 17:00h

**PRESENTACIÓN TEMPORADA 2018** 19:00h

**Club Ciclista Ponteareas** 40 años 1978-2018

**8 DOMINGO de Abril**  
**HOTEL MONDARIZ BALNEARIO**  
Reservas: 622 644 292

[www.novasdoeixoatlantico.com](http://www.novasdoeixoatlantico.com)

Visítennos

**EIXOATLANTICO**

JORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARGA

## Portugueses consideram Castro Laboreiro 5 estrelas



**D**epois de finalista nas 7 Maravilhas de Portugal® – Aldeias, o potencial de Castro Laboreiro volta a ser distinguido, e, uma vez mais, pelos portugueses, agora como sendo 5 estrelas, na categoria ‘Aldeias e Vilas’. O galardão da vila castreja aconteceu no âmbito do concurso ‘Portugal Cinco Estrelas’: a população nomeou, para cada um dos distritos de Portugal, o que considera ser excelente, a vá-

rios níveis, desde praias, artesanato, cozinha tradicional, aldeias e vilas, monumentos, museus, entre outros ícones de referência do país.

A concurso estiveram 387 candidaturas, organizadas em 52 categorias diferentes de áreas tão distintas como ‘aldeias e vilas’, ‘serviços óticos’, ‘imobiliárias’, ‘limpeza de lareiras’ ou ‘transporte ferroviário de passageiros’ e 205.895 portugueses fizeram parte da votação.



## Novas da Raia

### A mostra «Nado en pedra» en A Guarda

**A colección de esculturas permanecerá no Castelo de Santa Cruz ata o 2 de maio.**

**R**epresentantes da Escola de Cantería de Pontevedra e do Concello da Guarda acudiron ao Castelo de Santa Cruz na mañá do pasado sábado, 24 de marzo, para inaugurar a exposición escultórica «Nado en pedra», elaborada por alumnos do centro.

Ao acto de inauguración asistiron a concelleira guardesa e deputada provincial de Emprego, Montserrat Magallanes, que desculpou a ausencia de Carmela Silva por cuestións de axenda; a directora da Escola de Cantería, Concepción López Paz; o director técnico e mestre escultor da mesma, Enrique Velasco; o alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e outros membros da Corporación municipal.

Segundo destacou a deputada provincial, a exposición itinerante busca realzar o valor da formación que se imparte no centro, dependente da De-



putación de Pontevedra, así como por en valor o tradicional oficio da cantería, «un labor que no século XXI tamén ten moito futuro», asegurou.

Enrique Velasco describiu máis polo miúdo o traballo que se desenvolve na Escola, e froito do cal nace esta exposición. Nela, 18 pezas de gran tamaño amosan algúns dos oficios tradicionais máis senlleiros da nosa terra, coa o de ferreiro, costureira ou canteiro, ademais doutras estampas da vida cotiá dunha época marcada pola emigración.

O rexedor local, pola súa

parte, aproveitou a ocasión para loar o traballo dos escultores e o «magnífico entorno» que ofrece o Castelo de Santa Cruz para gozar do seu traballo. Facendo referencia a isto último, Antonio Lomba propuxo a fortaleza como destino último das esculturas unha vez rematada o seu percorrido polos concellos pontevedreses.

A exposición permanecerá nos xardíns do Castelo de Santa Cruz ata o 2 de maio. Poderá visitarse entre as 10:00 e as 20:00 horas de luns a domingo.

### Charly López, do Spartan Team de Tomiño, subcampión galego de Full Contact



**G**ran actuación do goianés do Spartan Team de Tomiño, Charly López, no Campionato Galego de Full Contact celebrado no pavillón Óscar Peireiro de Mos. López acadou o título de subcampión de Galicia tras caer na final nun axustado combate ante Aaron González, actual campión de España de Boxeo.

Non é a primeira vez que o deportista do Spartan Team de Tomiño consegue este título na categoría dos 71 kg, xa que fíxose co subcampionato tamén no ano 2011. O obxectivo era tentar revalidar o título de campión galego de

Full Contact que xa conseguira nos anos 2009 e 2010.

López leva 10 anos practicando artes marciais e deportes de contacto, dende o sanda ata o full contact pasando polo muay thai, polo kick boxing, do que foi campión galego en 2012 e subcampión de España en 2011 e 2015, ou polo boxeo do que foi subcampión galego en 2012 e campión en 2017.

A este campionato tamén acudiu o vigués aínda afincado no club tomiñés Xavier Cacheiro, que disputou os seus combates na categoría dos -75 quilos e que caeu en cuartos de final.

### ‘Aulas prácticas’ sobre reflorestação prolongam-se até ao final do ano letivo

**P**ara assinalar o Día Mundial da Árvore, o Município de Vila Nova de Cerveira convidou as cerca de 400 crianças do ensino pré-escolar e 1º ciclo do Agrupamento de Escolas do concelho para uma aula fora de portas em torno da reflorestação florestal. Além da plantação de 3000 espécies autóctones, os pequenos participantes colocaram, no primeiro dia, algumas questões sobre a floresta do concelho ao Presidente da Câmara Municipal e à Vereadora da Educação.

“Há aqui um buraco, preciso de uma árvore”. Tudo era novidade, o espaço, as pessoas e a própria atividade, mas o entusiasmo era o habitual de uma criança. Com o apoio da Proteção Civil Municipal e dos Sapadores Florestais, as crianças do ensino pré-escolar e 1º ciclo do Centro Escolar de Covas - Agrupamento de Escolas do concelho foram as primeiras a participar nesta iniciativa que se prolonga até ao 3º período (já que depende das condições climáticas).

A pretensão é que as crian-

ças não só aprendam a plantar uma árvore, mas efetivamente o façam. E assim foi na quarta-feira: à medida que mãos e pés empurravam a terra para tapar e segurar a planta, os presentes trocavam alguns conselhos de como atos simples e responsáveis contribuem para a preservação da floresta.

No final da atividade, serão plantadas cerca de 3000 árvores de espécies autóctones menos inflamáveis - pinheiro, carvalho americano, carvalho escurate, amieiro, plátano bastardo e camaciparis -, numa zona pre-



viamente identificada na União de Freguesias de Candemil e Gondar, criando uma zona de ancoragem (tampão) contra os incêndios florestais.

A acompanhar a atividade neste primeiro dia, o autarca cerveirense explicou que esta ação de sensibilização visa incutir a aprendizagem de conceitos de âmbito florestal e o

papel de cada um, procurando que a mensagem possa também ser transmitida aos encarregados de educação. No final, Fernando Nogueira lançou o desafio: “Para o ano têm de pedir aos pais para visitarem este local e verem o desenvolvimento deste vosso maravilhoso trabalho”. A resposta não poderia ser melhor: “Siíiiiiim”!

## Já arrancou o estudo científico do projeto 'In Common Sports'

**C**erca de uma centena de cerveirenses e tominenses com idade igual ou superior a 60 anos foi alvo, ao longo das últimas semanas, de uma avaliação técnica ao nível da capacidade funcional e cognitiva, no âmbito do estudo científico enquadrado no projeto internacional 'In Common Sports'. Deste grupo, 35 já participaram no primeiro treino de preparação promovido pelo Município de Vila Nova de Cerveira com vista às olimpíadas de setembro.

Com o objetivo de avaliar o impacto das Olimpíadas Intergeracionais na performance física e cognitiva dos atletas seniores, o Município cerveirense arrancou com mais uma fase do projeto internacional, direcionada para a avaliação dos participantes e os respetivos treinos.

Este processo, que decorreu ao longo das últimas semanas, foi conduzido por técnicos do Município de Vila Nova de Cerveira com o apoio de voluntários, e sob a supervisão da equipa de investigadores da Escola Superior de Desporto e Lazer do IPVC. A adesão de pessoas com idade igual ou superior a 60 anos foi bastante



significativa, tendo sido registadas 90 avaliações. Contudo, e apesar de iniciado, se ainda houver interessados em participar apenas terá de efetuar inscrição junto dos Serviços Municipais de Intervenção Social da autarquia cerveirense.

Com base na competição "Olimpíadas Intergeracionais", como motivação para a prática da atividade física, serão dinamizadas duas sessões de treino semanais em diferentes equipamentos desportivos do concelho, de forma a melhorar o nível físico e cognitivo dos atletas, potenciando a interação dinâmica entre os múltiplos fatores que afetam a vida da população idosa.

No total, o consórcio de parceiros do projeto, que agrega o Instituto Politécnico

de Viana do Castelo (Portugal), a Associação Zoldpont (Hungria) e os Municípios de Cesena (Itália), de Trikala (Grécia) e de Aksakovo (Bulgária), pretende envolver neste estudo cerca de 350 participantes, considerando, naturalmente, determinantes específicos de cada país.

Sob liderança do Município de Vila Nova de Cerveira, o projeto 'In Common Sports – Intergenerational Competition as Motivation for Sport and Healthy Lifestyle of Senior Citizens' decorre entre janeiro de 2018 e dezembro de 2020, sendo financiado em mais de 300 mil euros pelo Programa Erasmus+ Sport, enquadrado na medida Collaborative partnerships – Group of priorities 1 (HEPA & European Week of Sport).

## "Portugal a correr" arranca em Monção

**O** circuito "Portugal a Correr", que decorre em dez localidades do país durante o ano de 2018, arranca em Monção no dia 15 de abril, domingo, pelas 10h00 na Praça Deu-la-Deu Martins. Com organização da empresa GlobalSport em parceria com a Câmara Municipal de Monção, a prova engloba uma mini maratona de 10 quilómetros e uma caminhada de

5 quilómetros.

As inscrições já estão abertas no portal [www.portugala-correr.pt](http://www.portugala-correr.pt), na Loja Interativa de Turismo e no Complexo das Piscinas Municipais. O valor das inscrições, até 8 de abril, é de 10,00 € para a mini maratona e 5,00 € para a caminhada. O secretariado funciona no Museu do Alvarinho, Praça Deu-la-Deu, local onde tem início a prova.



## Monção em flor de Camélia

**M**onção, Vila Florida" dedica um fim de semana às camélias com diversas atividades dedicadas àquela flor. A iniciativa, que decorre no Salão Paroquial de Monção, realiza-se nos dias 7 e 8 de abril com a participação de associações locais e galegas e animação popular.

Nos dois dias, serão "mostrados" diversos trabalhos feitos com camélias e realçada a importância do cultivo desta planta tanto a nível ornamental como terapêutico. Previsto ainda workshop de vitrinismo, palestras e degustação de Camellia Sinensis acompanhada por roscas e papudos.

A sessão de abertura, pe-

las 15h00, conta a presença do autarca monçanense, António Barbosa. Segue-se entrega de diplomas aos expositores e certificados de participação aos comerciantes locais pela participação no workshop de vitrinismo. O encerramento faz-se com animação musical pelo Grupo Popular "Os Teimosos".

No âmbito desta iniciativa, entre 2 e 15 de abril, as varandas e balcões dos edifícios municipais serão decorados com objetos artísticos evocativos da camélia criados pelo ateliê Flor Agreste. O workshop de vitrinismo, denominado "As camélias sorriem nas montras", é coordenado por Patrícia Oliveira.

## Trilho das Pesqueiras



**N**o dia 8 de abril, domingo, pelas 9h00, realiza-se o Trilho das Pesqueiras, na freguesia da Bela, percurso paisagístico-cultural com uma extensão ligeiramente superior a 6 quilómetros com um grau de dificuldade moderado/fácil.

Com duração previsível de

duas horas e meia, o início do percurso tem lugar na Capela de S. Bento. Aconselhamos roupa e calçado confortável, reforço alimentar e água.

Informações em: Loja Interativa de Monção, T. 251 649 013 E. [turismo@cm-moncao.pt](mailto:turismo@cm-moncao.pt).

## Ponteareas promocionou as alfombras florais do Corpus na Semana Santa de Braga

**O** venres 30 e o sábado 31 os milleiros de visitantes que participaron na Semana Santa de Braga contemplaron unha mostra de arte floral do Corpus de Ponteareas

O Alcalde de Ponteareas Xosé Represas e a concelleira de Cultura e Turismo, Hortensia Bautista, reuníronse co vereador de Turismo da cámara de Braga, Altino Bessa, para acordar os actos de promoción que Ponteareas realizaría no decorrer das actividades programadas

para a Semana Santa de Braga.

Grazas á boa predisposición do homólogo de Turismo, Ponteareas realizará unha mostra de arte alfombra floral nas inmediacións do paso da procesión da Semana Santa de Braga que, ano tras ano, congrega a milleiros de persoas.

Nun punto estratéxico nas proximidades da oficina de turismo de Braga, nunha das esquinas máis céntricas da Avda da Liberdade, Ponteareas promocionará as alfombras florais

do Corpus 2018 coa entrega de folletos informativos e a realización dunha mostra de alfombra que estará dende o venres día 30 ata o sábado día 31 adornando un dos puntos neuráxicos da cidade.

En pleno centro histórico, esta representación floral e este espazo de Ponteareas no que estarán alfombristas e membros do goberno local, serán visitadas e contempladas por todos os e as visitantes que se achegan a máis afamada procesión de Se-



mana Santa de Portugal.

Deste xeito, Ponteareas leva a súa tradición e arte efímera a unha das tres cidades máis importantes de Portugal que coñecerá a festa do Corpus Christi

e a riqueza patrimonial, paisaxística e gastronómica da vila.

Arranca así a primeira acción de promoción que se centrará nas cidades e vilas do norte de Portugal e Galicia.

## Salceda leva a súa solidariedade ata Marrocos

**A** Praza do Concello de Salceda de Caselas acolleu a presentación do equipo "A Parranda", formado por Marcos Ledo, Pablo Ojea, Maika Castiñeira e Marisa Lagos, que vai participar no Rally "Clasicos del Atlas" cos seus dous Seat Panda a vindeira semana por terras do Sur de Marrocos. O grupo A Parranda estivo acompañado por Loli Castiñeira e Tere Pérez, Concelleiras de Turismo e Benestar Social respectivamente, que quixeron trasladarlle todo o seu apoio en nome do Concello de Salceda.

O equipo a Parranda sairá na madrugada do venres rumbo ao porto de Tarifa, onde collerán o Ferry que os levará ata Tánxer onde pasarán os trámites adua-

neiros. O rally solidario Atlas, con saída en Marrakech, desenrólase polo Sur de Marrocos, o Atlas, deserto de Erg Chebbi, etc. Percorren máis de 5.000 km por montañas, pistas, deserto, dunas e paisaxes insólitas, buscando os pobos, aldeas e poboados nomadas máis perdidos do norte de Africa. O rally desenrólase dende o 25 ata o 31 de marzo, e durante o percorrido farán paradas polos pobos e poboados máis necesitados das zonas rurais onde é case imposible chegar, facendo entregas de roupa, xoguetes, material escolar e medicamentos.

Pablo e Marcos tiñan participado nunha competición co seu Panda por terras africanas no 2015, pero despois da experiencia preferiron facelo dun

xeito máis solidario, polo que decidiron preparar outro Panda máis para poder levar material. O material solidario que levan entregaran en colexios, pero tamén teñen a liberdade de entregar material directamente ás persoas que vexan que máis o precisan en calquera punto do percorrido, centrándose en nenos, mulleres embarazadas...

A condición para participar na proba é facelo con vehículos de máis de 25 anos. Trátase dun rally onde a orientación complica pola falta de puntos de referencia, e no que o papel dos/das copilotos/as se converte en fundamental. A proba destaca pola súa vertente solidaria, tanto coa poboación de Marrocos como entre os mesmos participantes, que se axudan



Foto de grupo dos participantes, as Concelleiras e os colaboradores

entre eles para poder superar as etapas cada día.

O equipo quixo aproveitar para agradecer a colaboración que recibiron de familia e amigos, que fixo imposible acoller todo o material que lles fixeron chegar por falta de espazo nos dous vehículos, pero que lles demostrou a enorme solidariedade da xente ante iniciativas coma esta. Esta solidariedade

fixolles incluso valorar a posibilidade de engadirlle remolques aos Pandas, pero tiveron que descartalo pola imposibilidade de transitar con eles por determinadas rutas. Así mesmo, agradeceron a participación de JUSAPOL (Pola xustiza salarial dos diferentes Corpos de Policía), encargados de facilitarlles os medicamentos que levarán para entregar en Marrocos.

**Xornal galaico-portugués busca**  
**XORNALISTA e COMERCIAL para ALTO MINHO**  
Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia  
Dirixirse a: [redaccion@novasdoeixoatlantico.com](mailto:redaccion@novasdoeixoatlantico.com)